



**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **extraordinaria e urxente do 15 de febreiro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

**5.- DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI NA CIDADE DE VIGO, POLA QUE SE DEFINEN AS CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS DE IDENTIFICACIÓN DOS VEHÍCULOS ADSCRITOS AS LICENCIAS DE TAXI . EXPTE. 1510/449.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do 13/02/18, asinado pola xefa de Transportes e a concelleira da Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES :**

Na sesión de data 19 de outubro de 2017 da Xunta de Goberno Local aprobouse a Disposición complementaria da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo pola que se definen as características específicas de identificación dos vehículos adscritos.

O acordo de aprobación foi publicado no B.O.P.P. de data 16 de novembro de 2017 para xeral coñecemento.

En dita disposición entre outros aspectos regulados na parte dispositiva do mesmo no apartado primeiro se di:

“A placa ou adhesivo identificativo de S.P. deberá ser reflíctante, do tamaño homologado, e situaranse na parte traseira do vehículo, ao lado da matrícula, no seu lado esquerdo e na parte dianteira do vehículo ao lado esquerdo da mesma.”

E no informe proposta se di :( achegase o modelo ao presente informe como anexo nº 4)”

No anexo nº 4 fíxanse como medidas da S.P. 22,5 cm x 12 cm  
Así mesmo no mesmo acordo e no apartado cuarto se di :

“Fixar un prazo de 3 meses contados a partir do día seguinte a publicación desta Disposición Complementaria no B.O.P.P.O, para que os titulares das licencias de taxi da cidade de Vigo, adapten os seus vehículos as características específicas de identificación aprobadas .

Na data 26 de xaneiro de 2018, o axente inspector que realiza as inspeccións dos taxis informa que en moitos modelos de vehículos, non é posible a correcta colocación do S.P. debido ao seu tamaño.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 15/03/2018 10:48	Páxina 1 de 3
Expediente 1510/449	CSV: 2DEB4-28DCC-DB422-88224	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Como queira que e certo que debido ao deseño e características dalgúns dos vehículos adscritos ao servizo de taxis non e posible a colocación da S.P. coas dimensións que se recollen no anexo 4 da Disposición complementaria.

E considerando que ademais das medidas recollidas no Anexo 4, están homologadas as medidas de 15 cm x 7,5 cm., formulase a Xunta de Goberno local , de conformidade co disposto no artigo 4 da Ordenanza Municipal reguladora do Servizo de Taxi na Cidade de Vigo por ter a competencia para aprobar Disposicións Complementarias , a seguinte PROPOSTA :

Engadir no anexo 4 da Disposición Complementaria da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo pola que se definen as características específicas de identificación dos vehículos adscritos, e en relación cos distintivos de S.P. que deben figurar nos vehículos adscritos ao servizo de taxis, o modelo de 15 cm x 7,5 cm

————— ANEXO 4 —————

**Apartado 14  
Placa SP**



**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 15/03/2018 10:48	Páxina 2 de 3
Expediente 1510/449	CSV: 2DEB4-28DCC-DB422-88224	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 15/03/2018 10:48	Páxina 3 de 3
Expediente 1510/449	CSV: 2DEB4-28DCC-DB422-88224	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		